

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

C.E.E. ASPACE CORUÑA

1. INTRODUCCIÓN
2. LEXISLACIÓN
3. RASGOS DE IDENTIDADE
 - 3.1. DENOMINACIÓN
 - 3.2. HISTORIA DO CENTRO
 - 3.3. SITUACIÓN XEOGRÁFICA
 - 3.4. COMPOSICIÓN
 - 3.5. ELEMENTOS MATERIAIS
 - 3.5.1. INSTALACIÓNS
 - 3.5.2. EQUIPAMENTO
 - 3.6. ELEMENTOS HUMANOS
 - 3.6.1. PERSOAL DOCENTE
 - 3.6.2. PERSOAL NON-DOCENTE
 - 3.6.3. OUTROS
4. ALUMNADO
 - 4.1. CARACTERÍSTICAS
 - 4.2. NIVEIS EDUCATIVOS
 - 4.3. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO
 - 4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
5. ÓRGANOS DE GOBERNO
 - 5.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS
 - 5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS
6. XORNADA ESCOLAR E HORARIOS
 - 6.1. HORARIOS
 - 6.2. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
 - 6.2.1. TRANSPORTE
 - 6.2.2. COMEDOR
7. SINAIS DE IDENTIDADE
 - 7.1. MISIÓN, VISIÓN E VALORES
 - 7.2. FINALIDADE EDUCATIVA

7.3. FAMILIAS

7.3.1. ACCIÓN TUTORIAL

7.3.2. ACOLLIDA FAMILIAR

7.3.3. COMUNICACIÓN

8. MODELO EDUCATIVO E METODOLOXÍA

9. ANEXOS

10. CONSIDERACIÓNS FINAIS

1. INTRODUCCIÓN:

O Proxecto educativo de centro é un documento pedagóxico onde se atopa definida a identidade do centro, os seus obxectivos, a estrutura organizativa e funcional do mesmo, e que fan que o centro teña unha persoalidade única.

A súa función é dirixir o proceso de intervención educativa, combinar plantexamentos tanto xerais coma específicos.

A escola inclusiva debe asumir, en primeiro lugar, a diversidade do alumnado que atende, e por conseguinte, facilitar a elaboración dunha proposta curricular que permita dar unha resposta educativa axeitada a os/as alumnos/as que escolariza, por parte dos profesores e profesionais que traballan no centro.

2. LEXISLACIÓN:

1983. Lei 3/1983, do 7 de xunio de normalización lingüística (DOGA de 14 de xullo de 1983).

1985. Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo. Reguladora do Dereito a Educación (BOE 4 de xullo de 1985).

1995. Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral.

1996. Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as con necesidades educativas especiais que cursan ensinanzas de réxime xeral, e establécese o procedemento e os criterios para o dictame de escolarización (DOGA do 19 de setembro de 1996).

1998. Orde do 24 de xullo de 1998 pola que establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998 (DOGA do 31 de xullo de 1998).

1998. Orde do 1 de setembro de 1998 pola que establécese o número de unidades e os postos de traballo de educación infantil, colexios de educación primaria, colexios de educación especial, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria (DOGA do 11 de setembro de 1998).
2003. Orde do 27 de setembro de 2002 pola que establécense as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOGA do 30 de xaneiro de 2003).
2006. Lei Órgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación (BOE do 4 de maio de 2006).
2009. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que establécese o curriculum de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA do 31 de xullo de 2009).
2009. Orde do 25 de xuño de 2009 pola que regúlase a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA do 31 de xullo de 2009).
2010. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOGA de 25 de maio de 2010).
2011. Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, no que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no seu artigo 121.2.
2013. Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE do 10 de decembro de 2013).
2014. Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que establécese o curriculum de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA 9 de setembro de 2014).
2015. Decreto 86/2016, do 25 de xuño, polo que establécese o curriculum de educación secundaria obrigatoria e do bachelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA do 291 de xuño de 2015).

3. RASGOS DE IDENTIDADE:

3.1. Denominación:

O Centro educativo Aspace pertence á asociación de Pais e Nais de persoas con Parálise Cerebral da Coruña (ASPACE), que no ano 1977 foi creada para dar resposta as necesidades educativas especiais dos seus fillos/as que nese momento non tiñan un centro que atendese as súas particularidades. Nos primeiros intres, coma eran poucos/as nenos/as, os profesionais ían polas casas dando os tratamentos que eran demandados. Cando o número foi crescendo, agrupáronse os/as alumnos/as nunha pequena casa na Rocha, no Concello de Cambre, ata o ano 1983.

3.2. Historia do Centro:

No ano 1981, debido principalmente ao crecemento do número de persoas atendidas e as barreiras arquitectónicas que presentaba a casa, realizáronse xestións para a construción dun novo centro, en Osedo (Concello de Sada), previa a adquisición dos terreos por parte da asociación. No ano 1983 comenza a funcionar o novo edificio, que no seu día foi exemplo de construción sen barreiras arquitectónicas, con cinco unidades autorizadas. En 2002, autorízase una nova unidade, pasando a seis unidades concertadas, que son as que ten na actualidade.

Dende o ano 2014, o centro educativo conta cun edificio independente, dentro do recinto da entidade, no que tamén están o centro de día e os dous centros residenciais que están ubicados na mesma parcela, que posúe a asociación.

3.3. Situación xeográfica e área de influencia:

O centro encóntrase situado a 3 Km do Concello de Sada e a 18 da cidade da Coruña. O domicilio social está en Casteliño nº 24, lugar de Osedo, Sada (A Coruña).

O alumnado procede de distintas zonas da cidade da Coruña, do Concello de Sada, o dos Concellos de Oleiros, Cambre, Culleredo, Arteixo, Mugardos e Ferrol.

3.4. Composición:

O centro está concertado pola consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, estando suxeito a toda a lexislación que afecta os centros que reciben financiación por parte de dita Consellería. O último concerto foi asinado en Agosto de 2017, por seis unidades concertadas, inda que o centro ten autorizadas oito.

A ratio é de 4/6 alumnos/as por unidade, o fronte de cada unha está un profesor de educación especial, e a este concerto pertencen tamén unha logopeda, un fisioterapeuta, e 3 coidadores.

3.5. Elementos materiais:

3.5.1. Instalacións:

Conta con seis aulas, de igual tamaño, unha sala de fisioterapia, un gabinete de logopedia, 3 espacios para comedor dos nenos/as, 3 aseos para alumnos/as, unha pequena cociña, unha sala de NNTT, 3 baños de persoal, 2 despachos, un almacén, unha sala de xuntas, e un gran patio cuberto, que é o espacio central do edificio.

Existen servizos que dende o centro educativo póñense a disposición dos/as alumnos/as, que están situados no edificio principal, tales coma a piscina e a sala snozeelen.

3.5.2. Equipamento:

No centro educativo utilízanse materiais convencionais adaptados as necesidades, sobre todo motrices dos alumnos/as, que moitos deles pódense atopar en escolas ordinarias, e tamén materiais rehabilitadores que lles permiten un bo posicionamento para realizar tarefas didácticas.

Merece unha mención especial o “Centro de formación para a prevención da dependencia”, no que o colexio participa. A primeira parte de dito proxecto comenza no centro educativo, utilizando a sala de NNTT, que conta con ordenadores, teclados, ratóns adaptados, pulsadores, tablets, pantallas e programas preparados para ás posibilidades dos/as nosos/as alumnos/as, onde reciben o entramento, para poder

manexar o patio interactivo, onde os rapaces descubren unha contorna que pode ser controlada por eles a través dos instrumentos tecnolóxicos que se poñen o seu alcance. Todo o anteriormente descrito forma parte do Plan de TIC que ten o centro, a súa importancia ten que ver con situar estas tecnoloxías como instrumento pedagóxico e rehabilitador, xa que débese evolucionar para innovar a presentación dos contidos, para que seña dunha forma dinámica, atractiva e personalizada. Tamén favorecen a inclusión na sociedade do noso alumnado polo peso que teñen as TIC na actualidade.

3.6. Elementos humanos:

3.6.1. Persoal docente:

Desenrolan a labor docente sete profesores de educación especial, un deles a media xornada.

3.6.2. Persoal non-docente:

Neste apartado están o fisioterapeuta, a logopeda, e os 3 coidadores, que completan a atención directa no centro. Hai un orientador/psicólogo que desenrola a súa labor no colexio.

3.6.3. Outros:

Hai outros profesionais vinculados o centro educativo, que financia a asociación, tales coma: Traballadora Social, Médico de familia, Neuróloga, DUEs, persoal de administración, mantemento, piscina, e servizos xerais (lavandería, limpeza e cociña).

4. ALUMNADO:

4.1. Características:

O centro atende a unha poboación con idades comprendidas entre os 3 ata os 21 anos, e que pertencen ao ámbito da provincia da Coruña. A gran maioría dos rapaces teñen Parálise Cerebral, ou unha patoloxía afín, entendendo que a Parálise Cerebral é unha lesión no cerebro antes de que o seu desenvolvemento e crecemento sexa completo, é permanente e non

progresiva, irreversible, pero non dexenerativa, nin aumenta nin diminúe, acompaña a persoa durante toda a súa vida.

Ainda non se ten un coñecemento xeneralizado dentro da sociedade, pode acontecer durante a xestación, no parto ou durante os tres primeiros anos de vida dun neno/a, período de tempo no que o SNC está en plena maduración.

Os alumnos/as que teñen esta alteración sofren un dano na función motora que se traduce nunha desorde permanente e non inmutable do tono, postura e movemento. Esta lesión, pode xerar cambios noutras funcións superiores (memoria, percepción, linguaxe e razoamento) que dependerá do tipo, localización, amplitude e disfunción da lesión neurolóxica, ou interferir no desenrolo do sistema nervioso central (SNC).

A intensidade coa que afecta os/as nosos/as alumnos/as ven determinada polo momento concreto no que se produce a lesión. Haberá persoas que convivan cunha parálise cerebral que apenas se detecte, e outras que non poden valerse por si mesmas completamente, ou necesitan coidados e atención de terceiras persoas para as acción da súa vida cotiá. Dende os últimos anos, os nosos/as alumnos/as identifícanse cas persoas referidas en último lugar.

4.2. Niveis educativos:

Neste intre todos os alumnos/as están traballando con obxetivos de educación infantil, pero dende o centro educativo abárcase todas as etapas obrigatorias: educación infantil, educación primaria, educación secundaria.

A partires dos 16 anos, os/as alumnos/as, dadas as súas características, están inmersos/as na etapa de tránsito á vida adulta, na que se pretende promover o maior grao posible de autonomía persoal e a inclusión do alumnado como membros de pleno dereito na sociedade.

Debemos salientar que dende o noso centro fomentamos a escolarización combinada, non só polos contidos curriculares, senón

tamén, coma esta sendo nos últimos anos, debido as características dos nosos/as alumnos/as, para favorecer entre outros aspectos a socialización.

4.3. Criterios de agrupamento:

A atención os/as alumnos/as con Parálise Cerebral, existe unha organización que permita atender necesidades globais relacionadas ca súa idade cronolóxicas e o seu nivel cognitivo, ca súa forma peculiar de aprender e tamén ca sús necesidades individuais e propias. Debemos pensar nunha organización que responda ás distintas exixencias: de relacionarse con outros e aprender xunto a un grupo, pero tamén ás necesidades que requiren un tempo de atención máis individualizada. O agrupamento do alumnado realizarase tendo en conta que se proporcionará:

- Atención individual: Certas necesidades dos alumnos/as deberán atenderse de forma individual para responder ós obxectivos da súa programación individual, polo que é necesario reservar un tempo para a ensinanza de aspectos moi concretos do programa individual. Esta atención determina a organización dos espazos, do profesorado, do alumnado e dos materiais.
- Atención grupal: Na agrupación terase en conta: a idade cronolóxica, as capacidades, intereses, as tarefas a realizar, o ámbito no que se realicen as aprendizaxes, a posibilidade de que en determinados espazos do centro coincida máis dun grupo compartindo a mesma actividade.

4.4. Criterios de avaliación:

Entendemos a avaliación como un elemento integrante da práctica docente, coma un instrumento que permite dar información e identificar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, ca finalidade de reorganizar e axustar a ensinanza cara a este proceso.

É unha ferramenta de investigación e reflexión, de debate profesional, de decisión colectiva sobre as propostas didácticas e sobre a resolución das problemáticas que aparecen na vida da aula e do centro. Ten a finalidade de verificar se o proceso de ensinanza é axeitado ás características e necesidades do alumno/a, e en función diso, introducir medidas de mellora, e determinar si se alcanzaron os obxectivos educativos. Ademais é un recurso para que o equipo docente comparta entre sí, de forma rigurosa e sistemática, a reflexión sobre a práctica docente e sirva para revisar e investigar a propia acción educativa.

Hai tres momentos claves:

- **Avaliación inicial:** Para coñecer as necesidades do alumno/a e as condicións de partida, o que precisan aprender para desenvolverse de forma o máis autónoma posible no seu medio, e as axudas e facilitadores que necesitan para a súa aprendizaxe.
- **Avaliación continua:** Para coñecer o que está a suceder e axustar o programa educativo as súas necesidades, introducindo as modificacións oportunas.
- **Avaliación final:** determina si se alcanzaron os obxectivos e en que medida foron cumpridos.

A avaliación ten que compartir os principios considerados coma básicos na aprendizaxe do noso alumnado, polo que os criterios de avaliación deben estar guiados por: a idade cronolóxica, funcionalidade e utilidade, teñen que ser importantes para a propia persoa, dexesables e positivos.

A información para avaliar a obterase tanto por observación directa coma con instrumentos de medida.

5. ÓRGANOS DE GOBERNO:

A asociación de país é a que obtema a titularidade do centro. A través da súa Xunta Directiva, designa 3 membros para a participación no Consello Escolar, con voz e

voto no mesmo. É a titularidade a que propón o/a director/a educativo/a, que presidirá dito Consello.

5.1. Órgano unipersoal:

Director/a:

Tódalas súas competencias están recollidas no artigo 132 da L.O.M.C.E, ademáis prestará especial atención a estes aspectos:

- Velará polo cumprimento das normas propostas pola titularidade do centro (ASPACE).
- Transmitirá as comunicacións, instrucións, propostas, modificacións que saían da Titularidade do centro para os/as traballadores/as.
- Transmitirá as propostas, dúbidas, e demais aspectos que xurdan por parte dos/as traballadores/as cara a Titularidade do centro.
- Fará de representante do Titular do centro no colexio en cantas tarefas se lle encomenden e pertenzan o seu rango de competencia.
- Velará pola boa imaxe do Centro, tratando de detectar cantas carencias poidan estar a darse e poñéndoas en coñecemento da Titularidade.

5.2. Órganos colexiados:

Claustro de profesores:

O claustro está formado por todo o profesorado e o director. Reúnese obrigatoriamente unha vez ao trimestre e tantas veces como sexa preciso. Estas reunións son levadas a cabo dentro do horario escolar. No libro de actas recóllense os diferentes puntos que se tratan en cada convocatoria.

Ademáis das atribucións que lle corresponden por lei, prestará atención a estes aspectos:

- Colaborará co departamento de orientación para favorecer o desenrolo dos alumnos/as.
- Propoñerá ao Consello Escolar, para que traslade a Titularidade do Centro, todo aquilo que fose necesario para o mellor funcionamento do centro.

- Colaborará con programas complementarios ao curriculum, encamiñados a unha mellor atención dos alumnos/as.

Consejo escolar:

Ademáis das atribucións que lle corresponden por lei, prestará especial atención a estos aspectos:

- Promoverá as intervencións para o benestar dos rapaces, con accións e materiais que redunden neles, solicitándoo a Titularidade do centro, dacordo ca dirección do centro.
- Recollerá as demandas das familias, que dende o colexio se poidan ou deban prantexarse.

No mes de Noviembre de 2018 houbo eleccións o Consello Escolar, quedando constituído da seguinte forma:

- Directora
- Tres representantes da titularidade
- Catro país/nais
- Tres docentes
- Un representante do persoal complementario, administración e servizos.
- Un representante municipal.

6. XORNADA ESCOLAR E HORARIOS:

6.1. Horarios:

O centro está aberto dende as 10 da mañá ata as 17:30 horas. Recíbese e aténdese os país/nais que haxan solicitado unha reunión previa neste horario, salvo ocasións excepcionais que se atenden no momento.

A actividade diaria do centro divídese nas seguintes franxas horarias:

10:00-10:30: recepción e recollida do alumnado nos transportes e chegada á aula.

10:30-11:20: traballo na aula/saída a tratamentos.

11:20-11:40: recreo.

11:40-13:00: traballo na aula/saída a tratamentos.

13:00-14:15: atención directa os/as alumnos/as no comedor e no patio de recreo.

14:15-15:15: comedor profesionais e garda de patio.

15:15- 17:00: traballo na aula/saída a tratamentos.

17:00-17:30: saída dos rapaces aos transportes. Saída do centro.

Os alumnos/as permanecen nas aulas, recibindo atención pedagóxica individual e diaria, a excepción das saídas aos tratamentos (individuais e específicos) de fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional, NNTT, actividade de piscina, etc....ou as actividades que se realicen dentro da programación.

O persoal comenza e remata a súa xornada cando empeza ou finaliza o transporte.

6.2. Servizos complementarios:

6.2.1. Transporte:

Pola mañá os docentes recollen os alumnos/as nos distintos transportes nos que chegan ao centro escolar.

ASPACE conta con transporte propio en determinadas rutas, outras son realizadas por unha empresa de transporte contratada ao efecto. As rutas que recorren son as seguintes: A Coruña, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada, Arteixo, Mugar dos Ferros chegando ata Ferrol.

O máis importante neste apartado é destacar que son furgonetas e autobuses adaptados, preparados para levar persoas en cadeira de rodas. É moi importante a seguridade dos nosos alumnos/as, as medidas de seguridade son supervisadas polos profesionais antes de saíres do centro (posicionamento e cinchado nas cadeiras de rodas), e acompañando os nenos/as ata que están no seu transporte correspondente.

6.2.2. Comedor:

Todo o persoal de atención directa asignado pola asociación ao centro educativo, participa nas tarefas de comedor, rotando cada dous meses polas mesas que o compoñen: serven as texturas que necesitan os rapaces para a súa inxesta, dan de comer aos nenos/as asignados/as no comedor correspondente, dan instrucións para favorecer a autonomía na alimentación, administran a medicación necesaria a hora de xantar.

Hai tres tipos de texturas (normal, medio pisado e pisado). O menaxe está adaptado (vasos de diferentes texturas, tamaños, aberturas, asas., pratos, cubertos...), usáanse panos e babeiros se son necesarios. O mobiliario é o adecuado para esta función, as mesas teñen escotadura para encaixar o corpo dos rapaces, favorecendo así a súa comodidade no momento de xantar.

7. SINAIS DE IDENTIDADE:

7.1. Misión, visión e valores:

O centro educativo Aspace, como xa se mencionou anteriormente, pertence á asociación de país/nais, polo tanto participa da súa misión, visión e valores.

A misión da organización é traballar para mellorar a calidade de vida das persoas con parálise cerebral e discapacidades psicofísicas e das súas familias, poñendo a súa disposición os recursos necesarios para promover o seu desenvolvemento persoal e a igualdade de oportunidades.

Coa visión queremos ser unha entidade vanguardista e innovadora en Galicia, que conte con sólidas alianzas e un equipo humano comprometido coas persoas con parálise cerebral e as súas familias, acompañándoas no seu proxecto de vida, buscando a súa propia felicidade e promovendo a súa inclusión coma cidadáns de pleno dereito.

Os valores que se potencian, por conseguinte, dende o centro educativo son:

- 1- Compromiso: vivir e sentir os obxectivos da organización, implicándonos cas persoas e poñendo os seus intereses por riba dos propios.
- 2- Respeto: valorar aos demais aceptando o seu dereito a ser diferentes e recoñecendo as súas virtudes.
- 3- Motivación: a ilusión que nos impulsa cada día para alcanzar novas metas.
- 4- Integridade e coherencia: obrigan a traballar con honestidade, respecto e responsabilidade.....creando confianza nas persoas a través das nosas verbas e das nosas actuacións.
- 5- Ética: aplicar a honestidade nos nosos xestos e accións, fixándonos nos pequenos xestos e tomando tódalas decisións respetándose un mesmo e aos demais.
- 6- Traballo en equipo: Vai encamiñado a seguiremos os principios de vocación de servizo, solidariedade, respecto, participación, diálogo e autodesenrolo.
- 7- Innovación: debemos renovar constantemente nosos servizos e proxectos para responder aos retos da sociedade.

O Centro educativo alineado coa misión, visión e valores da entidade, orienta as súas accións a conseguirmos obxetivos relacionados cos índices de calidade de vida, deseñados por Verdugo e colaboradores no ano 2006, que son os seguintes:

- 1- Relacións interpersonais: abarca aspectos da vida familiar, as interaccións con iguais, con outras persoas da súa contorna, habilidades relacionadas coas competencias sociais.
- 2- Benestar emocional: inclúe aspectos como a seguridade, proporcionar unha contorna amigable, e en xeral aspectos relacionados co disfrute da vida e sentirse ben consigo mesmo.
- 3- Benestar físico: susténtase en aspectos coma unha boa alimentación e cuidado, conseguir un bo estado de saúde, e promover apoios e oportunidades para poder levar unha vida saudable.

- 4- Desenvolvemento persoal: Fai especial fincapé na comunicación, en programas de desenvolvemento educativo, e proporcionar accesibilidade e adaptacións individuais.
- 5- Benestar material: Ter os suficientes recursos materiais para conseguir unhas condicións óptimas para o seu desenvolvemento.
- 6- Autodeterminación: Favorecer aspectos relacionados coa toma de decisións e a autonomía.
- 7- Inclusión social: Poder participar na sociedade coma un máis, a través das actividades na contorna, favorecendo a accesibilidade e eliminando barreiras físicas, psicolóxicas, de comprensión e de comunicación.
- 8- Dereitos: Capacitar ás persoas para a comprensión e exercicio de responsabilidades, ofrecendo información accesible e programas de formación para o cumprimento dos deberes e obrigas.
- 9- Calidade de vida familiar: Para conseguilo ofrécense apoios, formación e actividades encaminadas a favorecer á familia por parte da comunidade educativa.

7.2. Finalidade educativa:

A nosa finalidade é propiciar unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores das alumnos/as, en tódolos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, contando coa axuda das familias para contribuir a mellor consecución dos obxectivos, adquisición de hábitos, e formando no respecto aos dereitos dos demais e favorecendo as actividades dos alumnos/as con tratamentos específicos para que redunden globalmente nos nenos/as.

7.3. Familias:

Un pilar fundamental no noso proxecto educativo é a familia, a súa colaboración e estrictamente necesaria para a mellor calidade de vida dos alumnos/as, para adquisición de destrezas e a súa plena inclusión social. Debemos crear un clima de confianza para poder resolver dúbidas e

inquietudes que poidan ter. Dende o colexio poténciase dita participación de diferentes maneiras:

7.3.1. Acción Tutorial

O Plan de Acción Tutorial foi aprobado en Asamblea Xeral da asociación en marzo de 2008, e ratificado polo claustro de profesores en setembro do mesmo ano. A convocatoria a estas reunións faise por carta, na que se especifica fecha e hora, habéndo unha total flexibilidade na reunión que se celebra no mes de xuño, por parte do profesorado para que as familias poidan acudir.

Consta de dúas partes:

- Acción tutorial grupal: Celébrase no mes de setembro, están convocados tódolos pais/nais dos alumnos/as do centro. Nel faise un breve recordatorio das normas que rixen o centro, unha proxección das actividades levadas a cabo o curso anterior e unha explicación do que está planificado para o ano escolar.
- Acción tutorial individual: Fáise no mes xuño, cada tutor/a cita individualmente a os pais/nais dos seus alumnos/as, e se comenta todo o relacionado co seu fillo/a ao longo do curso.

7.3.2. Acollida familiar

É moi importante potenciar as relación coas familias, para isto dende un primeiro momento fanse diferentes accións para conseguires isto:

- Hai unha entrevista inicial, onde a xerencia explica a importancia do movemento asociativo, e os pasos que se dan ata o ingreso do neno/a no centro.
- Entrevista de acollida: xunto con T.Social, orientador, DUE, tutor provisional e directora, recábase a información necesaria para que o rapaz/a empece no colexio. É fundamental nesta reunión establecer un clima de confianza, para paliar a ansiedade que xeralmente presentan os pais/nais, ao deixar o neno/a no colexio por primeira vez.
- Entrevista de fin de período de acollida: nesta reunión está todo equipo multidisciplinar, infórmase as familias sobre a avaliación realizada,

explícanse os tratamentos que vai recibir, e as sesión que vai ter o seu fillo/a, e resólvense as dúbidas que poidan xurdir no período de acollida.

No caso de non superares o período de acollida, daráselle á familia asesoramento para a mellor ubicación do neno/a.

Destacar que dende a asociación existe un programa que se denomina Grupo de Familias, que dirixen a T.S e o psicólogo, onde se tratan temas que son do interese das familias, e que fomentan as relacións entre os país/nais que forman a asociación.

Na entidade tamén se organizan acontecementos nos que están invitadas as familias, tales coma as festas de nadal, antroido, e fin de curso, charlas informativas, actos institucionais, etc....

7.3.3. Comunicación:

Entendemos que a ten que ser fluida e frecuente polo que temos distintas formas de comunicación:

- Libro escolar: É de dobre circulación. Tódolos nosos alumnos/as teñen un, vai diariamente a casa informando de aspectos cotiás dos nenos/as, ten un apartado onde a familia tamén pode informar do que considere oportuno.
- Contacto telefónico e correo electrónico: realízase sempre que é necesario, tanto por parte do persoal implicado na educación do neno/a coma por parte da familia, por problemas puntuais que poidan xurdir.
- Reunións: poderán solicitalas tanto as familias coma os profesionais do centro, co fin de intervir, coordinar e orientar sobre as actuacións necesarias para a mellorar a atención do alumno/a.
- Acción tutorial: descrita no apartado anterior.

8. Modelo educativo e metodoloxía:

A escola inclusiva promove a participación de todos os alumnos/as, da familia e de toda a comunidade educativa. É aberta á sociedade, unha escola viva. É o medio para construír unha sociedade inclusiva, na que a heteroxenidade do alumnado sexa unha oportunidade de aprendizaxe.

Potenciamos a motivación e o estímulo como base do noso traballo pedagóxico, con aprendizaxes significativas, constructivas e globalizadoras para que os rapaces desenrolen todas as súas capacidades, poñendo os avances tecnolóxicos ao servizo da educación, tendo así unha avaliación centrada no progreso do alumno/a, proxectando a educación máis alá da aula.

As decisións metodolóxicas deben atender aos principios de aprendizaxe significativa, con contidos relacionados entre si, vinculados ás experiencias, á globalización de aprendizaxes a partires da vida cotiá, á funcionalidade das aprendizaxes, con metodoloxías individualizadas, creando ambientes afectivamente positivos, atendendo á diversidade, onde a cooperación da familia é fundamental para a recollida de datos que son relevantes para o desenrolo dos nenos/as, unindo criterios de actuación e coordinando accións, xa que non substituímos ás familias, senón que colaboramos, e completamos a tarefa da familia, realizando un traballo de permanente acercamento.

9. Anexos:

- Plan de Atención a Diversidade
- Plan de Evacuación
- Plan Lector: non é necesario debido as capacidades diferentes dos nosos alumnos/as.
- Plan de dinamización da lingua: salientar que a lingua vehicular do centro é o Castelán, inda que toda a documentación que está relacionada co centro educativo faise en Galego.
- Plan de convivencia escolar: No centro non existe un Plan de convivencia escolar, pero foméntase a construción dun modelo educativo baseado no respecto mutuo, na solidariedade recíproca, que supón unha interrelación harmoniosa entre os distintos actores da comunidade educativa.
- Proposta Curricular
- NOF (Normas de Organización e Funcionamento).

10. Consideracións finais:

Todo o anteriormente explicado vai encamiñado a mellorar a calidade de vida dos alumnos/as con parálise cerebral, potenciando e mantendo o desenvolvemento das súas capacidades, adaptando os servizos e apoios en función das necesidades. Creando un clima de confianza e comunicación entre servizos e familias, contando con profesionais especializados en parálise cerebral, para alcanzares a máxima seguridade e satisfacción para o benestar do alumno/a durante a súa etapa escolar.